



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

## ANUNCIO

### TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DA SOLICITUDE DE OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS PREVIA E DE CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA NO TERMO MUNICIPAL DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

**EXPEDIENTE: IN408A 2024/003-1.**

### DENOMINACIÓN: PROYECTO DE EJECUCIÓN SISTEMA DE ALMACENAMIENTO BESS - HIBRIDACIÓN PE MALPICA REPOTENCIADO

De conformidade co solicitado pola Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria polo presente expónse ao público o acordo adoptado por dito departamento no expediente ao que se refire o encabezado do presente.

A duración da información pública é de trinta días (30) días, contados a partir do seguinte ao da derradeira publicación do acordo, para que a documentación técnica poda ser examinada polas persoas que o desexen, podéndose formular as correspondentes alegacións ou suxestións que consideren oportunas.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello (vid. documento anexo e o enlace: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>).

Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto da consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

**Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura á marxe**

**O alcalde,**

**Eduardo J. Parga Veiga**

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción dunha instalación de produción de enerxía eléctrica no termo municipal de Malpica de Bergantiños

Expediente: IN408A 2024/003-1

Solicitante/promotor: Parque Eólico de Malpica, S.A.

Denominación: Proyecto de Ejecución Sistema de Almacenamiento BESS - Hibridación PE Malpica repotenciado

Termo municipal: Malpica de Bergantiños

#### 1. Características técnicas:

Sistema de almacenamento de enerxía eléctrica baseado en baterías de 15,5 MW/h (2 h) de capacidade e 7,75 MW de potencia, conectado á SET PE Malpica repotenciado (IN661A 2014/1), coas seguintes características:

- Sistema de baterías tipo LFP integradas en 3 contedores tipo marítimo de 40 pes que se configuran en 2 unidades de almacenamento compostas por:

- Unidade de almacenamento 1: 1 contedor (BESS 1).

- Unidade de almacenamento 2: 2 contedores (BESS 2 e 3).

- Características de cada contedor: 5.184 kWh de capacidade, 2.592 kW de potencia e refrixeración por aire forzado.

- Estacións de potencia (EP/Skid) compostas por:

- EP/Skid 1: 1 sistema de conversión de enerxía (PCS) e estación transformadora de elevación de 3.500 kVA (0,578/20 kV) con refrixeración ONAN, que dará servizo á unidade de almacenamento 1.

- EP/Skid 2: 1 sistema de conversión de enerxía (PCS) e estación transformadora de elevación de 6.500 kVA (0,578/20 kV) con refrixeración ONAN, que dará servizo á unidade de almacenamento 2.

- Sistema de SS.AA. que dará servizo ao sistema de baeterías e ás EP. O transformador dos SS.AA. será o proxectado de 200 kVA na SET PE Malpica (a substitución deste trafo polo existente é obxecto doutro expediente).

- Liñas de evacuación/captación en baixa tensión:





-LBTS a 578 V, condutor tipo H1Z2Z2-K de 2x(9x1x240 mm2) con orixe nas unidades de almacenamento e remate nas EP.

- Liñas de evacuación/captación en media tensión:

-LMTS a 20 kV, de 25 m, condutor tipo Al XLPE 12/20 kV 3x(1x400) mm2, con orixe no EP 1 proxectado e remate no Skid 2 proxectado.

-LMTS a 20 kV, de 25 m, condutor tipo Al XLPE 12/20 kV 3x(1x400) mm2, con orixe no EP 2 proxectado e remate na cela de entrada de liña proxectada na SET PE Malpica (o conxunto de novas celas proxectadas nesta SET é obxecto doutro expediente).

- Sistema de xestión da enerxía (EMS). Este sistema será o encargado de limitar a potencia máxima de carga/descarga das baterías.

2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

O que se fai público para coñecemento xeral, para que se poida examinar a documentación técnica, e de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, contados a partir do seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Director territorial

